

# Letras galegas

## Homo viator O camiño e as encrucilladas

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

O camiño como representación simbólica da vida é non só unha reiterada metáfora literaria, senón tamén un similitud filosófico cuxos alicerces parten xa de Parménides, se acrecentan con Santo Agostiño e chegan ata a modernidade. O home vese a si mesmo non só como animal creado, senón tamén como *homo viator*, camiñante cuxo paso polo mundo non é un fin en si mesmo, senón un tránsito fugaz antes de acadar o seu verdadeiro destino: a cidade celeste. O itinerario cambia de rumbo co xiro antropolóxico da modernidade, iniciado con Descartes que realiza no *cogito* unha volta cara a si mesmo como suxeito pensante. A partires de entón, o camiñante perde nos infinitos meandros da subxectividade e a filosofía consistirá en camiñar, si, pero a través dun labirinto sen saídas seguras.

Partindo desta tradición filosófica e desde Compostela, meta secular de camiñantes, Marcelino Agís acaba de publicar en Galaxia unha reflexión filosófica, mais cunha linguaxe acaída a un lector non especialista, sobre a irremisible condición itinerante do ser humano. Unha reflexión sobre temas de sempre, pero desde unha óptica propia. Un persoal itinerario filosófico, “un libro de viaxes pola condición do home moderno e por algún deses interrogantes abertos que o fu-



turo nos depara”. Mais non se trata dun libro piadoso, con solucións acadadas desde instancias suprahumanas. Unicamente reflexións desde a propia experiencia vital, guiadas polo desexo de comprender. Entender a condición itinerante humana e as encrucilladas que terá que sortear todo camiñante no noso tempo e derivadas sobre todo do mundo globalizado, con excesos de información, de violencia e soidades dun mundo sen suxeito. Moitos destes atrancos, nomeadamente a sobreabundancia de estímulos comunicativos, xeran o que o autor chama unha xeneralización da xordeira como doenza posmoderna. Nin escoitamos ao outro nin esoutra voz que é a conciencia. Endalí que o autor ofrezca tamén un intento de filosofía da comprensión, baseada na análise da linguaxe. Un epílogo sobre o significado da felicidade sostible pecha un libro do que se desprenden múltiples mensaxes, en especial, a necesidade de transmitir valores e o emprego da razón e do diálogo como antídotos contra a violencia.

O ensaio de Marcelino Agís ten o mérito engadido de estar escrito en galego e con prosa literaria para comunicar desde o propio acervo —un minúsculo xardín onde abrollan pequenos froitos cultivados coa impronta do artesanal— e aceptando os desafíos da Xeración Nós e de Ramón Piñeiro de converter o galego nunha linguaxe madura.

**Camifantes.  
Un itinerario filosófico**

MARCELINO AGÍS VILLAVERDE

Ed. Galaxia, Vigo, 2009, 20 euros

## Sempre Rosalía Un esforzo esclarecedor

MARGA ROMERO

Se sempre é gozoso volvermos sobre a obra de Rosalía de Castro; ben o podemos facer agora na compañía deste estudo clarificador e ameno de Diego Pardo Amado que nos prende máis á luz da ousadía da autora. Moito é o desvelado sobre a escrita da fundadora da literatura galega moderna desde a década dos 80 do pasado século, como se sinala no libro: o Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, o monográfico d’*A Nosa Terra*, as investigacións de Carballo Calero, Catherine Davies e Francisco Rodríguez e mais “as abordaxes desde unha óptica feminista” por parte de diferentes autoras, arrincáronlle á poeta de *Follas Novas* o cravo que ataba a súa obra a observacións realizadas desde unha lectura intencionadamente superficial e a súa figura a unha santificación que apagase o perigo acceso das palabras voltas contra o patriarcado.

Foi moito o aprendido desde a ollada do feminismo e chama a atención que o investigador non faga referencia na nómina dos recoñecementos e, isto non é xusto, ás achegas da escritora M<sup>a</sup> Xosé Queizán e mais á revista, que segue a publicarse desde hai 25 anos, *A Festa da palabra silenciada*, que dedicou un número pioneiro en marzo de 1985 a Rosalía, rescatándoa dos seus silencios como muller e escritora. Dentro desta liña esclarecedora é onde debemos colocar, entón, o traballo de Pardo Amado, quen primeiro nos presenta o estatuto xurídico da muller galega no século XIX, a partir da Constitución de Cádiz, da

revolución setembrina de 1868 e da Ley de matrimonio civil de 1870 e dentro do debate político da época no que a “igualdade de sexos” aboia como tema e á muller non se lle permite nada sen o permiso do seu marido, por exemplo, publicar escritos e obras científicas ou literarias como autora ou tradutora. Nun segundo apartado analízase a imaxe da muller na Galiza do século XIX que nos achega á problemática do acceso feminino á educación e sobre cal debe ser a súa instrución nos labores propios do seu sexo” tal e como contemplaba a Lei Moyano.

Loábel é tamén o estudo da prensa co que se visibiliza a presenza do discurso masculinista e misóxeno fronte a aparición das primeiras reivindicacións da muller sobre o dereito á educación e ao traballo remunerado. No apartado derradeiro o autor, a través da análise da obra de Rosalía e con acertadas observacións, achéganos *O proxecto igualitario na obra de Rosalía de Castro*. Desde as personaxes e da voz lírica dos poemas entramos na crítica desa imaxe da muller dependente da beleza física e da honra e situada na loita contra o estatuto xurídico que a somete ao pai ou ao marido. O libro consegue transmitirnos a ideoloxía de Rosalía, a súa cosmovisión e a súa esperanza nun novo lugar para as mulleres.



**Rosalía de Castro. A luz da ousadía**

DIEGO PARDO AMADO

Ed. Laiovento, Santiago, 2009, 12 euros

## Do sentido da vida

ESTRO MONTAÑA

En 1958, José Luis Aranguren publicou un traballo co título de *El ocio y la diversión en la ciudad*, que ben poderíamos relacionar con outro posterior, *La juventud europea de hoy* (1960), por seren os dous escritos de tipo socio-lóxico-moral.

O primeiro vén de ser traducido ao galego pola Editorial Triforium; nel describe o inconformista e heterodoxo profesor —expulsado da Universidade polo franquismo, xunto con García Calvo e Tierno Galván— os contrastes entre a cultura do traballo e a cultura do ocio.

Aranguren, home de familia acomodada e católico, que fora militante falanxista e que xa co-

**O ocio e a diversión na cidade**

JOSÉ LUIS L. ARANGUREN

(trad. M<sup>o</sup> Fe González),  
Ed. Trifolium,  
Oleiros, 2009,  
9 euros

mezara a demostrar a súa inclinación por un cristianismo agghiornado, sinala as diferenzas entre 1) o ocio dos gregos, contemplativo, *studium* ou *skolé*, estudio como afección (propia de filósofos, docentes,

poetas ou artistas), e así mesmo descanso, xogo e festa, xa que logo, relacionado con *paidía* e con *paideia*, e 2) o sentido da virtude primordial do traballo, que habería que asociar a *neotium*, e tamén a diversión, alienación e o termo anglosaxón *hobby*; é dicir, manía ou tolemia.

A cultura e a cidade gregas son ociosas, no sentido máis nobre, xa que nese tempo ocio, ocupación, felicidade, estudo e afección forman unha única paisaxe harmónica. O ocio grego é cultural, humanista, propio de xente que, grazas aos escravos, non estaba vencellado ao traballo material.

Na Idade Media, o tempo organizábase en torno ás festas. E a partir do industrialismo, reina a laboriosidade, a idea de que o traballo é un deber, sinónimo de dignidade. O voluntarismo comoporta unha ética do deber; traballo e pracer vanse dissociando, e co maquinismo, o traballo volve ser considerado como un castigo bíblico. No tempo libre o home vai buscar a diversión. O home pasa da festa e do ocio antigos, contemplativos e sedantes, á actividade da diversión, acorde co vertixinoso ritmo de vida moderno.

O libríño que estamos a comentar pode resultar útil para entender a sociedade actual, onde priman conceptos como o de espectáculo ou consumismo, e na que mesmo as viaxes se converten moitas veces en actividades de penosos resultados. E segue a ser útil para discutir sobre o sentido da vida, do pracer, e da felicidade, a máxima aspiración dos seres humanos, segundo Aranguren, que nisto segue a traxectoria de Aristóteles, Santo Tomé e Ortega.

A gran cuestión, segundo o autor, segue a ser devolver ao home toda a dignidade, a remuneración xusta no traballo, e en humanizar o ocio. No marco da cidade é imprescindible a cultura, cultura do ocio e do traballo, para vivir nun mundo humanista, que aspira á perfección e que modifica as condicións negativas.